



Resolución de 19 de decembro de 2024 pola que se nomean funcionarios e funcionarias de corpos docentes universitarios.

De conformidade coas propostas elevadas polas Comisións de selección nomeadas para vulgar os concursos de acceso convocados por Resolución de 9 de outubro de 2024 (BOE do 19 de outubro de 2024, de conformidade co artigo 35.2 do Real Decreto 678/2023, de 18 de xullo e acreditados polas persoas interesadas os requisitos esixidos pola lexislación vixente para ser nomeados funcionarios para a provisión de prazas dos Corpos Docentes Universitarios.

Esta reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 50 da Ley Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e demais disposicións que a desenvolven, resolveu efectuar os nomeamentos que se relacionan no anexo.

Estes nomeamentos producirán plenos efectos a partir da correspondente toma de posesión polas persoas interesadas, que deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días hábiles, a contar desde o seguinte á publicación da presente Resolución no "Boletín Oficial do Estado".

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 19 de decembro de 2024 .- A vicerreitora de profesorado, María Teresa López Fernández  
Por delegación do reitor (10/07/2024)

ANEXO

Nome e apelidos	Corpo docente	Área de coñecemento	Departamento	Nº Praza
Daniel López López	Catedrático de Universidade	Enfermaría	Ciencias da Saúde	24/007
Ánxela María Bugallo Rodríguez	Profesora Titular de Universidade	Didáctica das Ciencias Experimentais	Pedagogía e Didáctica	24/013

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
QUIQPjkukArg6Td8AYz+Wg==	Asinado	19/12/2024 19:54:21
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Páxina 1/1
Observacións		
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/QUIQPjkukArg6Td8AYz+Wg==">https://sede.udc.gal/services/validation/QUIQPjkukArg6Td8AYz+Wg==</a>	
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).	

